



Resolución de concesión de axuda

CONVOCATORIA 2023 DAS AXUDAS Á IMPLANTACION DE SOLUCIÓNS AVANZADAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA CIRCULAR, SUSCEPTIBLES DE SEREN COFINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

1. Antecedentes:

Por Resolución do 29 de decembro de 2022 (DOG nº 21, do 31 de xaneiro de 2023), publicáronse as bases reguladoras das axudas á implantación de solucións avanzadas para o desenvolvemento da economía circular para o ano 2023, susceptibles de seren cofinanciadas no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Estas axudas son susceptibles de seren cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2007, que ten unha taxa de cofinanciamento do Feder do 60 %, computando como cofinanciamento nacional o investimento privado elixible dos beneficiarios polo 40 % restante. En particular:

Obxectivo político 1: unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións.

Obxectivo específico 1.3: o reforzo do crecemento sustentable e a competitividade das pemes, e a creación de emprego nestas, tamén mediante investimentos produtivos.

Actuación 1.3.01: apoio financeiro a proxectos de investimento empresarial, especialmente das pemes, para promover o crecemento sustentable, a competitividade, e a creación e mantemento do emprego.

Campo de intervención TI0021: desenvolvemento empresarial e internacionalización das pemes, incluídos os investimentos produtivos.

O que exige o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, e o Regulamento (UE) nº 2021/1058, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

A concesión desta axuda supón a aceptación da persoa beneficiaria a ser incluída na lista de operacións prevista no artigo 49.3 do Regulamento (UE) nº 2021/1060. Así mesmo, a persoa beneficiaria recoñecerá a axuda dos fondos á operación, de acordo co artigo 50 do Regulamento (UE) nº 2021/1060.

Para a avaliación das 24 solicitudes presentadas aplicáronse os seguintes criterios de valoración establecidos no artigo 6.2 das bases reguladoras da axuda:

1º Calidade técnica do proxecto: ata 65 puntos, que se avaliarán con cada un dos seguintes parámetros:

i. Descrición do proxecto (15 puntos):

a. Grao de análise previa da situación: descrición clara e concreta do problema ou a necesidade que se pretende abordar, tanto desde o punto de vista cualitativo como cuantitativo, con identificación tanto dos factores de incidencia (causas) como das consecuencias, así como as condicións do contorno (6 puntos).

b. Claridade na definición e obxectivos (6 puntos).

c. Grao de elaboración e concreción da proposta (3 puntos).

ii. Adecuación do proxecto (15 puntos):

a. Descrición de aspectos claves, actuacións e entregables (5 puntos).

b. Grao de axuste da solución proposta co modelo de negocio da empresa solicitante (2 puntos).

c. Correlación entre os obxectivos de circularidade identificados no proxecto e os investimentos e gastos propostos (2 puntos).

d. Viabilidade técnica, económica e ambiental, custo da solución e tempo de implementación, adecuación do orzamento e dos medios humanos, así como a potencialidade de xerar os suficientes recursos para asegurar a súa autosustentabilidade a medio e longo prazo (6 puntos).



- iii. Tipo de solución e melloras esperadas en relación cos obxectivos indicados no artigo 1 (15 puntos):
- Estimación cualitativa e cuantitativa das melloras esperadas, que se avaliará en función da coherencia entre o proxecto e os resultados previstos (5 puntos).
 - Tipo de solución, valorándose positivamente aquelas que incidan tanto nas causas como nos efectos dos problemas identificados e priorizando os proxectos que se enfoquen na orixe dos problemas fronte aos que aborden unicamente as súas consecuencias (10 puntos).

iv. Coherencia na organización e planificación do traballo (5 puntos).

- v. Grao de madurez, nivel tecnolóxico e amplitude da solución proposta (10 puntos):
- Valoraranse con maior puntuación os proxectos baseados en tecnoloxía máis avanzada, que afecten a maior cantidade de ámbitos da empresa, a ámbitos máis relevantes, ou desenvolvan con intensidade salientable un ámbito concreto (8 puntos).
 - Valoraranse con maior puntuación os proxectos que están listos para iniciar unha fase de prototipo ou piloto fronte aos que requiren desenvolvemento previo (2 puntos).

vi. Coñecemento e capacidades dispoñibles para acadar os obxectivos (dedicacións propias, subcontratación, consultarías) (5 puntos).

2º. Adecuación dos investimentos e capacidade económica (10 puntos):

- Identificación de partidas, desagregación dos orzamentos (2 puntos).
 - Calidade de ofertas e provedores (4 puntos):
 - Desagregación e alcance das ofertas.
 - Documentación empregada para solicitar a oferta ou adxunta a esta.
 - Viabilidade do proxecto fronte ao volume da empresa: ratio de investimento fronte a facturación declarada na solicitude da axuda (4 puntos).
- 3º Alcance do proxecto: ata 15 puntos, que se avaliarán do seguinte xeito:
- Número de empresas beneficiarias do proxecto: 1 punto por empresa ata un máximo de 5 puntos (para proxectos individuais: 1 punto).
 - Alcance. Ata a cantidade máxima de 5 puntos, outorgarase 1 punto por cada un dos obxectivos descritos no artigo 1 aos que o proxecto responda.
 - Nivel de interacción dos procesos entre empresas: ata 3 puntos, que se asignarán en función da cantidade e importancia de procesos interempresariais aos que se apliquen os obxectivos previstos. Nos proxectos individuais outorgarase 1 punto.
 - Efecto multiplicador do proxecto, é dicir, a capacidade de ser replicado e escalado: 2 puntos.

4º Sector ou ámbito de actividade no que se desenvolva o proxecto: 5 puntos, que se outorgarán a proxectos onde a maioría das empresas que participen pertencen a sectores prioritarios definidos na Axenda de Competitividade:

- Estratéxicos: agroalimentación, automoción, enerxías renovables, madeira/forestal, naval/industria marítima, pedra natural, téxtil-moda.
- Emerxentes e de alto potencial: aeronáutico/aeroespacial, industria da saúde e do benestar, industrias creativas, biotecnoloxía, novos materiais, ecoindustria, TIC.

5º Proxecto en concello emprendedor: 5 puntos, que se outorgarán a proxectos que se desenvolvan nun concello declarado como concello emprendedor.

En caso de coincidir a puntuación de varias solicitudes, utilizarase como criterio de desempate o de maior puntuación sucesivamente nos criterios 1º, 2º, 3º e 4º por esa orde. Se aínda así segue existindo empate, co fin de promover a incorporación do principio transversal de igualdade enunciado no art. 9 do Regulamento (UE) nº 2021/1060, decidirse a favor do proxecto en que a maioría das empresas participantes implantase un plan de igualdade, identificado no formulario electrónico de solicitude polo seu localizador no Rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo, de acordo co establecido no artigo 11 do Real Decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro. No caso de que persista o empate, en último termo terá preferencia a solicitude que teña o número de expediente máis baixo.

Os proxectos deberán acadar as seguintes puntuacións mínimas para poder optar á concesión da axuda en réxime de concorrencia competitiva:

Modalidades dos artigos 1.a): 60 puntos.

Modalidades dos artigos 1.b): 40 puntos.



Unha vez analizados conxuntamente os informes técnicos dos 24 proxectos presentados dentro do prazo establecido, tendo en conta a relación de solicitudes de axuda coa puntuación que lle corresponde a cada unha elaborada polo órgano avaliador en aplicación dos anteriores criterios de valoración, e confeccionada a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes, a Dirección da Área de Competitividade do Igape ditou a proposta de resolución correspondente á convocatoria de AXUDAS Á IMPLANTACIÓN DE SOLUCIÓNS AVANZADAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA CIRCULAR, SUSCEPTIBLES DE SER COFINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2021-2027, con data 31/07/2023.

2. Resolvo:

Primeiro. Aprobar a concesión das subvencións ás 10 persoas beneficiarias que figuran no Anexo I, para os proxectos e polos importes que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada un deles e que supoñen un total de 264.055,88 euros.

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da subvención cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

Segundo. Denegar as 9 solicitudes presentadas polas persoas interesadas que se sinalan no anexo II polas causas sinaladas no mesmo.

Terceiro. Arquivar sen máis trámite as 5 solicitudes relacionadas no anexo III polas causas sinaladas no mesmo.

Cuarto. Aprobar as condicións particulares para cada persoa beneficiaria derivadas das bases da convocatoria de axuda e dos informes técnicos que se establecen en documentos anexos.

Quinto. Publicar a resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, de acordo co establecido no artigo 13.5 das bases reguladoras. Habíltase un prazo de 10 días naturais para que os interesados accedan á oficina virtual do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>, utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e descarguen a súa resolución individual.

3. Recursos:

As resolucións individuais esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedese ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedese ao seu contido.

Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
A directora xeral do Igape	Covadonga Toca Carús	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina

ANEXO I

Axudas concedidas

CONVOCATORIA 2023 DAS AXUDAS Á IMPLANTACION DE SOLUCIÓNS AVANZADAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA CIRCULAR, SUSCEPTIBLES DE SEREN COFINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2021-2027

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG288.2023.1.2	AGRO BAZAN, S.A. (A36034668)	CO2NTROL_WINE	85,00	15/09/2024	15/09/2024	21.360,81	44,00	9.398,53
IG288.2023.1.17	ROTOGAL, S.L. (B15926801)	REDUCCIÓN CONSUMO DE RECURSOS, RECICLAXE.	78,00	15/09/2024	15/09/2024	105.376,00	41,51	43.738,00
IG288.2023.1.16	RECINOR GESTIÓN DE RESIDUOS, S.L. (B15625734)	IMPLANTACIÓN PARCIAL PROXECTO INDIVIDUAL ECONOMIA CIRCULAR	77,00	15/09/2024	15/09/2024	289.460,00	35,00	101.311,00
IG288.2023.1.12	KAUMAN, S.A. (A36625093)	KAUMAN CIRCULAR 2023	73,00	15/09/2024	15/09/2024	57.798,61	33,34	19.271,90
IG288.2023.1.14	Talleres Trébore Jardinería S.L. (B15890270)	SUBVENCIÓN COMPOSTEIRO	73,00	15/09/2024	15/09/2024	12.250,00	29,59	3.625,00
IG288.2023.1.10	CARPINTERIA DE MADERA CARDIFER, SL (B70284229)	INSTALACIÓN DE SOFTWARE PARA AUTOMATIZACIÓN DE PROCESOS	71,00	15/09/2024	15/09/2024	24.216,00	35,00	8.475,60
IG288.2023.1.20	AINÉ PRODUCIÓNS, S.L. (B70433032)	VIRXINIA	54,00	15/09/2024	15/09/2024	90.917,00	40,67	36.976,60
IG288.2023.1.7	PRECISGAL COMPONENTES AUTOMOCION, S.L (B27719814)	EVAPORADOR PARA RECICLAXE E REUTILIZACION DE AUGA EN	46,00	15/09/2024	15/09/2024	101.215,00	25,00	25.303,75



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
		PROCESO PRODUTIVO						
IG288.2023.1.3	MONTAJES LOURIDO, S.L (B70465323)	COMPRA DE MAQUINA BRIQUETADORA	45,00	15/09/2023	15/09/2024	28.480,00	35,00	9.968,00
IG288.2023.1.22	BRICEMAR FOOD, S.L. (B09857434)	APROVEITAMENTO DE MOLLO DE COCCION DE BIVALVOS	42,00	14/09/2023	15/09/2024	13.940,00	42,95	5.987,50

TOTAL:

264.055,88

ANEXO II

Axudas denegadas

CONVOCATORIA 2023 DAS AXUDAS Á IMPLANTACION DE SOLUCIÓNS AVANZADAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA CIRCULAR, SUSCEPTIBLES DE SEREN COFINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2021-2027

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
IG288.2023.1.1	FORMATO VERDE, S.L. (B32280760)	ECODESEÑO: REDUCIÓN E REUTILIZACIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS PARA FABRICAR UN NOVO PRODUTO	<p>Incumprimento do establecido no artigo 5 das BBRR</p> <p>a) (art. 5.7) O concepto recollido na epígrafe “Nova maquinaria e bens de equipo” non pode considerarse subvencionable: En relación co provedor con NIF (B*****470), non queda acreditada a súa capacidade para a sumministración do ben, xa que, segundo consta en bases públicas de información, a empresa incumpe a obrigaón de presentar as contas anuais no rexistro mercantil dende o ano 2019. Esta empresa tampouco ten empregados.</p> <p>b) (art. 5.1) O concepto recollido na epígrafe “Outras colaboración externas” non pode considerarse subvencionable. Unha vez detraído o concepto do apartado anterior, o importe subvencionable das colaboracións externas supera o 60% do total.</p>
IG288.2023.1.5	FINCA PADRONELO, S.L (B27516814)	INSTALACION SISTEMA VENTILACION E HIXIENIZACION	<p>Incumprimento do establecido no artigo 4 das BBRR</p> <p>- A empresa non cumpre a condición de beneficiaria: O artigo 13 do Regulamento 651/2014 polo que se declaran determinadas categorías de Axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108</p>



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
			<p>do Tratado, determina que as Axudas de finalidade rexional non son de aplicación para o sector da produción agrícola primaria.</p> <p>Incumprimento do establecido no artigo 5 das BBRR</p> <p>- (art. 5.1) O concepto recollido na epígrafe "Nova maquinaria e bens de equipo" non pode considerarse subvencionable ao non tratarse de nova maquinaria e bens de equipo, para a reutilización e reciclaxe in situ de refugallos producidos nos procesos da empresa.</p>
IG288.2023.1.6	DOS DOG, S.L. (B10565042)	Snacks deshidratados a partir de produtos de refugallo	<p>Incumprimento do establecido no artigo 5 das BBRR</p> <p>a) (art. 5.1) O concepto "Nova maquinaria e bens de equipo" non pode considerarse subvencionable ao non tratarse de nova maquinaria e bens de equipo, para a reutilización e reciclaxe in situ de refugallos producidos nos procesos da empresa.</p> <p>b) (art. 5.1) O concepto recollido na epígrafe "Outras colaboración externas" non pode considerarse subvencionable. Unha vez detraído o concepto do apartado anterior, o importe subvencionable das colaboracións externas supera o 60% do total.</p>
IG288.2023.1.8	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, S.A. (ACOVAL) (A32008039)	Adquisición máquina móbil Machacadora J35R	<p>Incumprimento do establecido no artigo 5 das BBRR</p> <p>(art. 5.7) O concepto recollido na epígrafe "Nova maquinaria e bens de equipo" non pode considerarse subvencionable: En relación co provedor con NIF (B5****73), non queda acreditada a súa capacidade para a administración do ben. Sobre este provedor concreto fíxose unha petición específica de aclaración no requirimento de emenda. O documento achegado neste requirimento fai referencia a outro dos provedores.</p>



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
IG288.2023.1.9	HERGOME,SL (B36049633)	"REMANUFACTURING" e "REPAIRING" por tecnoloxías Directed Energy Deposition (DED) como estratexia para alongar o ciclo de vida de compoñente de alto valor (RELAS)	Incumprimento do establecido no artigo 5 das BBRR a) (art. 5.1) O concepto recollido na epígrafe "Nova maquinaria e bens de equipo" non pode considerarse subvencionable ao non tratarse de nova maquinaria e bens de equipo, para a reutilización e reciclaxe in situ de refugallos producidos nos procesos da empresa. b) (art. 5.1) O concepto recollido na epígrafe "Outras colaboración externas" non pode considerarse subvencionable. Unha vez detraído o concepto do apartado anterior, o importe subvencionable das colaboracións externas supera o 60% do total. .
IG288.2023.1.13	STRATEGIC MINERALS SPAIN, S.L. (B37512753)	FILTRO PRENSA	Incumprimento do establecido no artigo 5 das BBRR - (art. 5.7) O concepto recollido na epígrafe "Nova maquinaria e bens de equipo" non pode considerarse subvencionable. As tres ofertas achegadas carecen do NIF do provedor e o prazo de validez das mesmas estaba vencido no momento da solicitude da axuda.
IG288.2023.1.18	IDI ECOSISTEMAS, S.L. (B67935874)	REDUCCIÓN NO CONSUMO DE PRODUCTOS E NA XERACIÓN DE RESIDUOS EN IDI ECOSISTEMAS SL	Incumprimento do establecido no artigo 5 das BBRR - (art. 5.1) O concepto recollido na epígrafe "Nova maquinaria e bens de equipo" non pode considerarse subvencionable ao non tratarse de nova maquinaria e bens de equipo, para a reutilización e reciclaxe in situ de refugallos producidos nos procesos da empresa.
IG288.2023.1.21	POREXGAL, S.L. (B70345616)	INTRODUCCIÓN DE LIÑA TRITURADO, LAVADO E SECADO PARA REUTILIZACIÓN DE RESIDUOS DE POLIESTIRENO	Incumprimento do establecido no artigo 5 das BBRR - (art. 5.7) O concepto recollido na epígrafe "Nova maquinaria e bens de equipo" non pode considerarse subvencionable: En relación co provedor con NIF (B2****95), non queda acreditada a súa capacidade para a



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
			suministración do ben, xa que, segundo consta en bases públicas de información, a empresa facturou en todo ano 2021 un importe inferior ao 10% do importe presupostado na súa oferta, no ano 2021 a empresa tivo un resultado neto negativo e a súa actividade principal correspóndese co CNAE 6201 - Actividades de programación informática.
IG288.2023.1.23	TOLDOS GOMEZ, S.L (B15274459)	DESEÑO DE PRODUTO ECONOMIA CIRCULAR	.Incumprimento do establecido no artigo 5 das BBRR - (art. 5.1) O concepto recollido na epígrafe "Outras colaboración externas" non é subvencionable. O importe subvencionable das colaboracións externas é o total do investimento superando desa maneira o máximo do 60% establecido.



ANEXO III

Solicitudes archivadas

CONVOCATORIA 2023 DAS AXUDAS Á IMPLANTACION DE SOLUCIÓNS AVANZADAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA CIRCULAR, SUSCEPTIBLES DE SEREN COFINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2021-2027

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de arquivo
IG288.2023.1.4	EVOLVENTIA, S.L. (B70243647)	EVOLVENTIA VALORIZA	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG288.2023.1.11	COOPERATIVA AGRARIA PROVINCIAL DE LA CORUÑA, S.C.L (F15000177)	XELADERIAS CIRCULARES EN BICO DE XEADO	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG288.2023.1.15	NOLANDER PROJECT, S.L. (B67685966)	NOLANDER PROJECT	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG288.2023.1.19	EXCAVACIONES Y OBRAS CERCEDA, S.L. (B15118458)	Software a medida para Innovación Tecnolóxica en Recollida de RSU	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG288.2023.1.24	FASHION EL PULPO, S.L.U. (B70567763)		ARQUIVO POR SOLICITUDE SIN IDE OU CON IDE INCORRECTO